

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE XULLO DE 2014**



ÍNDICE

1	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	3
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	4
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	6
4	TEMPERATURA	9
4.1.	Temperatura media das máximas.	9
4.2.	Temperatura media das mínimas.	10
1.1.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 Xullo.	11
1.2.	Evolución da temperatura media no período 1961-2014.	15
2	PRECIPITACIÓN	16
2.1.	Precipitación acumulada mensual Xullo 2014.	16
2.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	17
2.3.	Días de chuvia en xullo de 2014	18
2.4.	Evolución da precipitación en xullo de 2014	20
3	VENTO	21
4	RADIACIÓN SOLAR	25
4.1.	Mapa de irradiación solar mensual.	25
4.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	26
5	RAIOS.	27

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 12-08-2014



Mes de xullo húmido con temperaturas normais.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xullo quedou caracterizado en xeral pola variabilidade. A presenza de aire frío en capas medias e altas da atmosfera no Atlántico norte impediu que as altas presións se situasen ao norte da península Ibérica, polo que non tivemos períodos longos de sol e calor. A primeira semana do mes representa claramente esa variabilidade, posto que o primeiro día estivemos na influencia das baixas presións atlánticas, con nubes, algunhas chuvias e baixas temperaturas.

O día 2 foi de transición, coa entrada dun feble anticiclón que deixou tempo seco, con poucas nubes pola tarde e temperaturas normais para a época do ano, pero na fin de semana do 5 e o 6 unha nova borrasca cunha fronte que atravesou Galicia na noite do 5 e na madrugada do 6 deixou un tempo máis propio do outono. As chuvias foron cuantiosas e as temperaturas baixas.

Os seguintes 10 días foron algo máis estables, dominados polo anticiclón, aínda que a súa influencia nos primeiros días foi feble, o que fixo que as temperaturas non fosen elevadas e que houbera nubes, máis compactas no terzo norte de Galicia.

O tempo estable, seco, soleado foi algo máis xeneralizado entre os días 13 e 16, con predominio das elevadas temperaturas en toda a Comunidade, tendo o día 16 un aviso por temperaturas extremas en Ourense, onde se superaron os 36°C en puntos do val do Miño e do val do Sil. Porén, un novo empeoramento tivo lugar a partir do 17 co achegamento da zona de aire frío que trouxo da man una borrasca. Esa xornada foi de transición, con aumento das nubes polo oeste e descenso xeneralizado das temperaturas. A borrasca afectou a Galicia principalmente na tarde do 18 e na madrugada e primeiras horas do 19 cun novo sistema frontal moi activo que deixou chuvias xeneralizadas, de forte intensidade na metade oeste de Galicia. O domingo día 20 o anticiclón volveu a entrar en Galicia, deixando xa apertura de claros e ascenso de temperatura pola tarde. A influencia deste anticiclón estendeuse xa no resto do mes, é dicir, nos 10 días entre o 21 e o 31, aínda que non sempre coa mesma intensidade. Os días 21, 22 e 23 foron de sol e calor, con valores superiores aos 30°C en puntos do interior. O 24 e 25 baixaron lixeiramente as temperaturas, para volver a recuperarse o 26 e o 27, aínda que nesta derradeira xornada coa entrada de néboas polas Rías Baixas. Nesta xornada do 27 os termómetros novamente superaron os 36°C en puntos da provincia de Ourense. Os últimos 4 días do mes estiveron caracterizados en xeral pola estabilidade a presenza do sol e as altas temperaturas durante as tardes.



2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalía de presión, tanto en superficie (figura 1) como en altura (figura 2), pódense ver áreas de presións algo máis baixas do normal nesta época do ano localizadas sobre o Atlántico norte e ao leste da península Ibérica. Estas áreas non permitiron que as altas presións afianzasen o seu dominio na península, como é normal neste mes, e ocasionou que o tempo de elevada variabilidade que tivemos nas situacións sinópticas entre borrascas e anticiclóns.

Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar Xullo 2014




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.



Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Xullo 2014.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1971-2000, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI).

O valor climático corresponde coa promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	XULLO 2014	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.2	18.7	21.0 (2006)	17.2 (1977)
Tª mínima media	16.6	15.6	17.6 (2006)	13.8 (1954)
Tª mínima absoluta	14.8 (día 6)	10.2 (08/07/1978)		
Tª mínima máis alta	20.0 (día 26)	21.0 (14/07/1969)		
Tª máxima media	21.9	21.8	24.5 (2006)	19.8 (2002)
Tª máxima absoluta	25.7 (día 22)	34.5 (17/07/2006)		
Tª máxima máis baixa	19.1 (día 11)	14.0 (03/07/1958)		
Precipitación acumulada	47	13-31	100 (1971)	2.2 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	5	5	22 (1936)	1 (2013)

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas medias e máximas, mentres que para as mínimas o mes considérase cálido.

A precipitación rexistrada é superior ó rango de valores normais polo que o mes considérase húmido. Porén, o número de días de chuvia é o agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1931-2014 Temperatura: 1948-2014



SANTIAGO

	XULLO 2014	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.1	19.7	21.9 (1989)	17.6 (2009)
Tª mínima media	14.5	14.4	16.0 (2013)	13.1 (1993)
Tª mínima absoluta	11.0 (día 7)	7.0 (11/07/2002)		
Tª mínima máis alta	18.0 (día 26)	21.9 (22/07/1990)		
Tª máxima media	23.7	25.0	28.5 (1990)	22.1 (2009)
Tª máxima absoluta	31.5 (día 16)	40.3 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	17.5 (día 5)	15.8 (02/07/1998)		
Precipitación acumulada	81	19-40	154 (2009)	2 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	7	5	12 (1995)	1 (1993)

Comentario: Mes frío tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para as temperaturas mínimas o mes considérase normal.

A precipitación rexistrada é moi superior ó rango de valores normais polo que o mes considérase moi húmido. O número de días de chuvia tamén é superior ó valor climático agardado.

. * Valores climáticos 1982-2000. Precipitación:1982-2014. Temperatura: 1982-2014

LUGO

	XULLO 2014	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.8	19.1	21.9 (2013)	16.7 (1980)
Tª mínima media	13.6	13.3	15.9 (1999)	9.6 (1980)
Tª mínima absoluta	8.2 (día 21)	4.0 (17/07/1980)		
Tª mínima máis alta	17.5 (día 26)	26.0 (28/07/1989)		
Tª máxima media	24.0	25.0	28.8 (2013)	21.4 (1973)
Tª máxima absoluta	30.3 (día 23)	39.0 (17/07/2006)		
Tª máxima máis baixa	17.9 (día 1)	15.0 (30/07/1991)		
Precipitación acumulada	39	18-27	134 (1971)	0 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	6	4	10 (1977)	0 (1990)

Comentario: Mes normal tendo en conta as mínimas e as medias, porén para as temperaturas máximas o mes considérase frío.

A precipitación rexistrada é superior ó rango de valores normais, resultando un mes húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, superior ó agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1967-2014. Temperatura: 1966-2014

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	XULLO 2014	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.9	19.9	22.9 (2006)	17.8 (1980)
Tª mínima media	15.6	14.3	16.9 (2006)	12.2 (1980)
Tª mínima absoluta	11.9 (día 7)	3.1 (28/07/1969)		
Tª mínima máis alta	19.0 (día24)	23.5 (04/07/1961)		
Tª máxima media	26.2	25.5	28.8 (2006)	22.7 (1983)
Tª máxima absoluta	32.6 (día 26)	39.0 (07/07/2013)		
Tª máxima máis baixa	20.5 (día 1)	16.2 (20/07/1980)		
Precipitación acumulada	83	17-40	166 (1971)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	7	4	11 (1995)	0 (1993)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada é moi superior ó rango de valores normais, considerándose o mes moi húmido. O número de días de chuvia tamén é moito maior que o valor climático agardado para esta variable.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1958-2014. Temperatura: 1958-2014

OURENSE

	XULLO 2014	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	22.3	22.1	25.0 (2013)	19.0 (1977)
Tª mínima media	15.0	14.6	17.7 (1972)	13.0 (1974)
Tª mínima absoluta	10.0 (día 7)	6.4 (08/07/1996)		
Tª mínima máis alta	19.3 (día 27)	22.6 (22/07/1990)		
Tª máxima media	29.7	29.7	33.8 (1989)	24.7 (1977)
Tª máxima absoluta	36.2 (día 27)	42.6 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	20.4 (día 1)	18.0 (13/07/1982)		
Precipitación acumulada	26	8-17	69 (2009)	0 (1978)
Días de chuvia (≥1mm)	6	3	15 (1983)	0 (1990)

Comentario: Mes normal en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada é superior ó rango de valores normais polo que o mes considérase húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, que duplica o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1973-2014. Temperatura: 1972-2014

4 TEMPERATURA

A anomalía de temperatura non foi en xeral moi marcada. Houbo cambios bruscos nos termómetros en períodos de 24-48 horas, pero alternaron momentos de temperaturas elevadas con outros de frío cadrando co paso dos sistemas frontais e ambas anomalías tenderon a cancelarse, predominando lixeiramente nalgúns casos as anomalías negativas..

4.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xullo foi de 21.9 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na alta montaña de Ourense e na Serra do Xistral (entorno aos 14.5°C) e os valores máis altos (próximos aos 28.9 °C) nas comarcas do Carballiño e O Ribeiro.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xullo de 2014.



4.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xullo foi de 12.7 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados no Macizo de Manzaneda e no sur da comarca da Limia (preto de 6.5°C) e os máis altos (próximos aos 17.7 °C) en todo o litoral galego.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xullo de 2014.



1.1. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 Xullo.

A anomalía no conxunto de Galicia neste mes de xullo, para as temperaturas medias, foi de 0.0 °C, polo que o mes considérase normal. Existe un gran contraste entre o litoral das provincias de Coruña e Lugo e gran parte do Sur da Comunidade. Así, na primeira chegaronse a rexistrar anomalías de ata 1.9 °C. As anomalías máis baixas rexistráronse nas comarcas de Chantada e o Deza (-1.5 °C). Sen embargo, cabe destacar que gran parte da Comunidade quedou preto da normalidade.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xullo respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1971-2000. As comarcas de Vigo, Fisterra, Terra de Soneira na provincia da Coruña e Verín presentaron as anomalías de temperatura máis elevadas. Destaca tamén neste mes a anomalía positiva da Mariña Luguesa.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Gondomar	Pontevedra	1.6
Nigrán	Pontevedra	1.3
Vimianzo	A Coruña	1.3
Zas	A Coruña	1.2
Camariñas	A Coruña	1.2
Laxe	A Coruña	1.2
Verín	Ourense	1.1
Cabana de Bergantiños	A Coruña	1.1
Culleredo	A Coruña	1.0
Ponteceso	A Coruña	1.0

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de xullo de 2014.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Peroxa (A)	Ourense	-1.1
Carballedo	Lugo	-1.1
Veiga (A)	Ourense	-1.0
Gudiña (A)	Ourense	-1.0
Vilariño de Conso	Ourense	-1.0
Viana do Bolo	Ourense	-0.9
Rodeiro	Pontevedra	-0.9
Dozón	Pontevedra	-0.9
San Cristovo de Cea	Ourense	-0.9
Chantada	Lugo	-0.9

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de xullo de 2014.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1971-2000.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xullo de 2014 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do 16 foi a que que presentou as máximas máis altas, principalmente na provincia de Ourense.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2014				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
16/07/2014	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	38.1
22/07/2014	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	37.1
26/07/2014	Remuíño	Arnoia	Ourense	36.7
16/07/2014	Verín-Vilela	Verín	Ourense	36.7
16/07/2014	Millara	Ferreira de Pantón	Lugo	36.7
16/07/2014	As Petarelas	Rubiá	Ourense	36.7
16/07/2014	Oímbra	Oímbra	Ourense	36.2
27/07/2014	Ourense	Ourense	Ourense	36.2
16/07/2014	Laza	Laza	Ourense	36.1
16/07/2014	Verín-Vilamaior	Verín	Ourense	35.9

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2014 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2014				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
16/07/2014	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	32.0
16/07/2014	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	31.8
16/07/2014	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	29.9
16/07/2014	Corzos	A Veiga	Ourense	29.5
16/07/2014	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	29.3
16/07/2014	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	29.2
16/07/2014	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	29.1
16/07/2014	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	28.3
26/07/2014	Xurés	Muiños	Ourense	28.1
16/07/2014	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	26.4

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2014 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xullo de 2014 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As temperaturas máis baixas neste mes de xullo acadáronse nas provincias de Lugo e Ourense nas xornadas do 7 e do 10.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2014				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
07/07/2014	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	2.1
07/07/2014	Xares	A Veiga	Ourense	3.1
10/07/2014	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.5
07/07/2014	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	4.1
09/07/2014	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	4.3
07/07/2014	Ancares	Cervantes	Lugo	5.0
07/07/2014	Xurés	Muiños	Ourense	5.7
07/07/2014	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	5.9
10/07/2014	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	6.2
07/07/2014	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	6.5

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2014 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2014				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
09/07/2014	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	1.7
21/07/2014	Lanzós	Vilalba	Lugo	3.8
11/07/2014	Tioira	Maceda	Ourense	3.8
09/07/2014	Baltar	Baltar	Ourense	3.9
10/07/2014	Montederramo	Montederramo	Ourense	4.0
11/07/2014	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	4.9
11/07/2014	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	4.9
09/07/2014	Verín-Vilela	Verín	Ourense	5.6
10/07/2014	Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	5.7
10/07/2014	Morelle	Sarria	Lugo	5.9

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2014 altitude inferior a 1000m.

1.2. Evolución da temperatura media no período 1961-2014.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2014, para esta serie, foi 19.8 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2014 para xullo.

A anomalía media para este mes de xullo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 0.24 °C, o que fai que o mes poida considerarse normal.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xullo, respecto ó período 1971-2000.

2 PRECIPITACIÓN

En xeral o mes queda caracterizado como húmido, pero non tanto pola presenza de moitos días de chuvia, como polo feito de que houbo dous sistemas frontais moi activos os días 6 e 18 que por eles mesmos implican en moitos lugares máis chuvia da normal nun mes de xullo. Os valores máis altos acadáronse nas comarcas do Barbanza e Caldas, chegando a rexistrarse ata 159 L/m² na estación de Xesteiras en Cuntis, os máis baixos no leste da comarca do Valdeorras e nas localidades de Antas de Ulla e Taboada, entorno aos 15 L/m².

2.1. Precipitación acumulada mensual Xullo 2014




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xullo de 2014.



2.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

Gran contraste entre o oeste e o leste da Comunidade. As anomalías máis altas de precipitación son rexistráronse nas comarcas de Tabeirós - Terra de Montes e na Baixa Limia onde o mes resultou moi húmido. Porén, no sur da provincia de Lugo e nordeste da de Ourense, mesmo chegaron a presentar porcentaxes de precipitación por debaixo do 40%.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de xullo de 2014.



2.3. Días de chuvia en xullo de 2014

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 6. Os valores máximos obtivéronse nas comarcas de Terra de Soneira e Caldas, con valores que mesmo acadaron os 10 días. Os valores máis baixos correspondéronse á comarca de Verín, na que se acadou un valor mínimo de 3 días.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de xullo de 2014.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de xullo. Na xornada do 5 rexistráronse os datos de precipitación máis elevados.

Precipitacións acumuladas máximas en xullo de 2014			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	159
Muralla	Lousame	A Coruña	139
Pereira	Forcarei	Pontevedra	121
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	111
A Armenteira	Meis	Pontevedra	107
Cespón	Boiro	A Coruña	102
Pé Redondo	Meis	Pontevedra	102
Castrove	Poio	Pontevedra	99
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	93
Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra	89

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xullo de 2014.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Muralla	Lousame	A Coruña	68	05/07/2014 4:50
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	67	05/07/2014 3:30
Armenteira	Meis	Pontevedra	64	18/07/2014 11:20
Peredondo	Meis	Pontevedra	63	18/07/2014 11:30
Pereira	Forcarei	Pontevedra	60	18/07/2014 17:40
AMEzquita	A Mezquita	Ourense	59	19/07/2014 2:20
Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra	56	18/07/2014 5:10
Castrove	Poio	Pontevedra	56	18/07/2014 11:30
ALanzada	O Grove	Pontevedra	55	18/07/2014 11:30
Castrelo	Cambados	Pontevedra	52	18/07/2014 11:30

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xullo de 2014.



2.4. Evolución da precipitación en xullo de 2014

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2014, para esta serie, foi 50 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2014 para xullo.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xullo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 61% por encima do valor normal, o que fai que o mes poida considerarse húmido.












Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xullo, respecto ó período 1971-2000.



3 VENTO

Durante o mes de xullo non houbo ningún caso no que se superasen os 100 km/h.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	90.0	NE	9		
		Día 10				
Pta. Candieira	Cedeira	77.7	NE	7		
		Día 5				
Malpica	Malpica	66.7	E	3		
		Día 9				
Marco da Curra	Monfero	65.1	NE	5		
		Día 6				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Río do Sol	Coristanco	61.3	NE	2		
		Día 28				

Táboa 9: Resumo do vento no mes de Xullo de 2014 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	60.7	E	6		
		Día 5				
Ancares	Cervantes	69.6	NE	12		
		Día 17				

Táboa 10: Resumo vento no mes de Xullo de 2014 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	54.3	O	41		
		Día 6				
Rodicio	Maceda	68.0	NE	6		
		Día 28				
Gandarela	Celanova	44.2	NO	28		
		Día 19				

Táboa 11: Resumo do vento no mes de Xullo de 2014 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	93.4	NO	13		
		Día 9				



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	68.4	N	3		
		Día 9				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Xullo de 2014 na provincia de Pontevedra.



4 RADIACIÓN SOLAR

4.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de Xullo de 2014.



4.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



5 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou un total de 677 raios en Galicia. Destaca principalmente a xornada do 19, na que se rexistraron 429. A provincia de A Coruña foi a que presentou o maior número de raios, seguida moi de preto pola de Lugo. Na figura 15 móstrase a distribución dos raios neste mes.




Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en Xullo de 2014.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en Xullo de 2014.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2014 Mes: 7

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																											
A Gándara	15.7	19.2	27.1	22	13.3	11.3	6	85	28.6	5	-10	89	98	74	42	195	1859	22	70	5	971	15	0				
Aldea Nova	17.3	21.1	25.2	22	14.4	11.9	7	67	13.0	6	-78	85	95	70	46	213	2088	9	45	30	987	13	0				
Camariñas	18.0	19.5	25.8	22	16.4	12.8	21	48	17.5	5	-77	83	90	74	58	265	2261	24	79	10	1017	16	0				
Cariño	18.7	20.4	23.2	17	16.9	13.7	18	43	11.9	5	-77	86	94	77	46	213	2051	17	65	5	1016	16	0				
Cespón	20.1	25.5	31.3	27	15.8	11.3	7	102	36.6	5	-64	76	91	58	67	306	2407	10	50	9	1013	9	0				
CIS Ferrol	19.3	23.5	29.6	22	16.0	13.3	21	55	18.3	5	-89	82	96	64	61	281	2249	12	47	28	1015	10	0				
Corrubedo	19.5	24.1	31.7	30	15.6	12.8	13	50	25.0	18	-107	84	96	66	67	308	2506	12	65	11	1014	11	0				
Coruña Dique	18.2	20.0	24.4	22	16.4	13.4	21	47	16.4	5	--	90	98	79	-	-	-	19	59	5	1016	7	0				
Coruña-San Diego	21.4	23.7	28.6	22	19.3	15.8	21	38	11.3	5	--	75	85	63	64	295	2215	10	48	3	1018	7	0				
*Costa	19.0	24.9	32.0	16	14.3	10.1	7	59	18.5	18	--	81	96	61	-	-	-	4	39	5	998	10	0				
*Coto Muiño	17.0	21.9	30.3	22	12.8	6.3	21	83	27.2	5	-	87	98	69	-	-	-	5	39	9	-	13	0				
Fontecada	16.9	21.5	29.9	22	13.3	8.9	21	84	29.4	5	-43	82	94	63	54	247	2088	14	54	9	976	11	0				
*Guísamo	18.8	23.1	29.2	22	15.1	12.5	21	61	29.3	19	--	76	90	58	-	-	-	5	31	17	998	9	0				
*Lesende	18.9	23.8	30.2	16	14.8	10.8	7	66	18.9	18	-96	75	89	57	65	299	2426	5	45	30	998	8	0				
Lira	18.5	22.2	28.6	30	15.6	13.5	7	47	14.2	18	-105	79	91	66	69	316	2464	22	90	10	-	10	0				
Mabegondo	19.0	24.2	30.0	22	13.3	8.5	10	54	24.9	19	-	81	96	61	58	269	2271	7	50	5	1007	10	0				
Malpica	17.2	20.0	21.6	22	14.9	12.7	7	34	18.0	5	-74	91	99	80	59	271	2224	22	67	9	1000	13	0				
Marco da Curra	15.4	19.7	26.5	22	12.1	9.3	7	77	24.0	19	-27	86	97	69	48	223	2074	17	65	6	944	15	0				
Melide	17.5	23.9	30.9	16	12.4	7.4	21	59	22.8	6	-87	81	97	58	61	279	2271	10	55	10	963	8	0				
Muralla	15.5	20.0	26.7	16	12.2	9.6	7	139	54.9	5	34	90	100	72	61	279	2200	28	90	10	942	18	0				
*O Val	19.0	23.1	29.3	22	15.3	12.4	7	49	14.1	5	-	83	96	68	-	-	-	4	75	8	1011	11	0				
Olas	16.1	21.5	28.3	22	11.9	8.9	21	78	27.7	19	-	87	100	66	52	240	2063	-	-	--	-	12	0				
*Ordes	18.0	23.2	30.5	22	13.5	9.8	21	43	15.7	19	-	81	96	61	-	-	-	7	70	5	986	11	0				
*Paramos	17.1	21.5	29.1	22	13.5	9.7	7	53	16.7	18	-	85	96	68	-	-	-	9	57	4	976	11	0				
*Pazo de Galegos	19.2	24.9	32.5	16	14.2	10.4	7	43	15.3	19	--	80	96	58	--	--	2186	4	27	2	991	8	0				
Punta Candieira	17.0	19.1	24.8	23	15.3	12.8	1	31	11.6	5	-74	90	98	79	54	247	2166	26	78	5	988	12	0				
Punta Langosteira	17.7	18.9	21.4	17	16.3	14.7	21	16	5.3	5	-	89	96	80	-	-	-	18	61	5	1016	8	0				
Raído-Arzúa	17.6	22.9	29.4	22	12.9	8.2	21	70	23.4	19	--	80	95	59	-	-	-	-	-	--	975	11	0				
Río do Sol	15.5	19.4	27.3	22	12.4	10.0	7	69	19.3	19	-46	90	98	74	40	184	1887	22	61	28	956	20	0				
*Rus	17.9	22.1	28.1	22	13.6	9.1	10	36	10.7	19	-	85	98	67	-	-	-	5	68	5	1003	14	0				
Sálvora	19.2	22.6	29.2	30	16.7	14.6	16	44	15.2	19	-112	82	92	68	72	332	2554	18	70	10	-	11	0				
Santiago-EOAS	18.6	23.7	31.5	16	14.5	11.0	7	81	34.6	19	-64	81	95	62	57	261	2246	9	51	5	988	9	0				
Sergude	18.9	24.6	31.4	16	14.3	9.9	7	73	27.2	19	-	81	98	59	55	253	2214	-	-	--	-	9	0				
Serra da Faladoira	15.0	18.3	24.0	23	12.8	10.1	6	67	27.1	1	-17	94	100	81	36	166	1808	19	60	5	953	17	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2014 Mes: 7

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva
Lugo																										
A Pontenova	16.3	20.7	28.5	17	13.2	9.5	11	37	15.3	6	-	88	98	70	37	173	1660	-	-	--	-	-	-	-	15	0
Abradelo	16.8	23.8	29.7	16	11.6	7.3	10	52	25.0	19	-	79	97	53	64	296	2425	-	-	--	-	-	-	-	9	0
Alto de Cerredo	15.0	20.0	26.4	16	11.1	7.4	7	53	28.8	19	--	86	98	65	-	-	-	6	49	9	910	8	910	8	0	
*Alto do Faro	15.4	21.0	28.9	16	10.7	7.7	21	30	9.7	19	-	82	97	58	-	-	-	9	49	29	923	9	923	9	0	
*Alto do Poio	15.4	20.3	29.3	16	11.0	6.5	7	71	31.8	19	-	77	96	55	-	-	-	10	63	9	-	-	-	-	10	0
Ancares	14.4	19.3	26.4	16	10.1	5.0	7	58	24.4	19	-86	77	97	56	66	305	2401	15	70	17	867	11	867	11	0	
*Borreiros	18.7	23.0	27.7	17	14.8	9.9	21	41	13.9	6	-79	79	94	61	38	174	1795	4	39	5	1011	12	1011	12	0	
Bóveda	19.2	27.2	32.8	22	12.5	7.7	11	30	8.8	3	-	72	94	45	64	295	2374	-	-	--	-	-	-	-	8	0
Burela	16.1	18.6	25.6	17	14.2	11.3	6	30	9.9	6	-56	91	98	79	31	145	1558	13	61	5	970	13	970	13	0	
Campus Lugo	18.1	24.0	30.3	23	13.6	8.2	21	39	17.6	6	-109	74	90	52	52	237	2190	9	44	9	970	9	970	9	0	
Castro R. de Lea	17.5	23.2	30.0	23	13.0	7.7	21	42	16.9	19	-	88	100	61	57	262	2205	-	-	--	970	7	970	7	0	
Conchada	18.2	26.0	33.2	16	12.4	7.6	9	35	9.7	19	-	78	99	50	-	-	-	-	-	--	-	-	-	-	8	0
Corno do Boi	15.3	20.9	28.1	22	11.4	8.6	9	63	28.1	19	-64	87	100	63	58	268	2271	13	58	6	-	-	-	-	10	0
Courel	17.5	24.8	32.4	16	11.6	7.2	10	64	19.7	19	-96	74	95	45	64	296	2348	9	68	28	930	9	930	9	0	
*Fontaneira	15.1	20.6	25.9	23	10.8	6.7	7	53	21.9	19	-89	85	98	64	58	266	2336	4	51	19	913	9	913	9	0	
Foz	18.9	22.6	28.9	17	15.6	10.6	21	30	11.0	6	-	83	96	67	43	200	1931	-	-	--	-	-	-	-	11	0
Fragavella	15.2	18.3	23.9	17	12.3	7.4	21	56	13.0	6	-37	90	98	75	37	173	1713	13	64	5	950	19	950	19	0	
Guitiriz	15.5	21.3	27.3	23	11.8	9.0	9	71	26.1	19	--	87	99	64	--	--	2132	14	49	5	941	11	941	11	0	
*Labrada	14.9	18.5	26.0	23	12.1	9.1	7	80	24.4	19	-21	88	98	72	38	173	1823	10	47	5	-	-	-	-	17	0
*Lanzós	16.2	21.6	29.2	23	11.1	3.8	21	51	26.5	19	--	84	96	64	-	-	-	5	31	5	963	9	963	9	0	
*Lourenzá	19.1	23.6	30.8	17	14.7	8.9	21	29	10.8	6	-	80	97	61	-	-	-	4	44	5	-	-	-	-	12	0
Marroxo	17.8	25.3	31.8	15	12.6	8.8	10	29	11.6	19	-126	77	95	46	52	240	2266	6	38	28	945	10	945	10	0	
*Míllara	20.5	29.2	36.7	16	14.4	8.8	10	13	5.9	19	-	70	93	41	-	-	-	2	36	6	-	-	-	-	6	0
*Morelle	18.3	25.7	31.1	15	11.7	5.9	10	30	14.4	19	-123	77	98	49	56	259	2265	4	30	9	970	8	970	8	0	
O Cebreiro	14.5	20.8	28.3	16	9.3	3.5	10	62	29.6	19	-76	84	99	63	63	289	2383	14	48	5	873	9	873	9	0	
O Xipro	15.9	22.0	27.5	23	11.1	7.4	10	55	26.5	19	-81	83	98	59	51	237	2242	11	47	5	929	9	929	9	0	
*Olveda	17.1	23.7	31.3	16	11.6	8.2	11	19	7.2	19	-135	80	98	53	61	279	2408	6	33	28	-	-	-	-	7	0
Pedro Murias	19.2	22.3	27.8	17	16.2	13.1	21	34	18.3	6	-88	83	92	71	46	211	1905	9	51	5	1013	12	1013	12	0	
Penedo do Galo	15.2	18.5	23.6	23	13.2	10.3	6	51	14.9	19	-	88	96	73	21	98	1056	-	-	--	-	-	-	-	18	0
Pol	16.0	21.6	27.5	23	12.1	8.1	7	57	25.5	19	-	85	100	61	59	272	2275	-	-	--	-	-	-	-	8	0
Portomarín	18.4	26.2	32.4	22	12.1	7.1	11	31	13.2	19	-	76	97	47	59	272	2244	-	-	--	967	7	967	7	0	
Sambreixo	16.8	22.8	28.7	22	11.3	6.7	9	65	31.0	19	-	79	94	56	58	266	2203	-	-	--	-	-	-	-	10	0
*San Clodio	21.1	29.3	35.9	16	13.9	7.9	9	33	9.2	2	-	69	95	41	-	-	-	4	30	1	987	7	987	7	0	
*San Fiz	19.3	26.1	32.9	16	14.1	9.7	10	17	7.5	19	-152	74	93	50	55	252	2433	6	43	5	972	7	972	7	0	
*Sobrecedo	18.9	25.7	31.4	16	13.7	9.1	11	17	5.7	19	-	74	94	50	-	-	-	5	32	28	971	7	971	7	0	
Ventosa	15.7	21.8	28.3	15	10.5	5.7	10	76	22.0	19	-71	81	97	56	62	285	2389	10	54	17	915	8	915	8	0	
*Vilamor	18.6	22.4	29.8	17	15.0	9.5	21	27	10.6	19	-90	76	89	58	35	160	1720	6	35	5	-	-	-	-	12	0

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2014 Mes: 7

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Ourense																											
A Mezquita	17.7	24.4	31.8	16	11.4	6.5	10	78	58.8	19	-104	67	89	45	75	341	2624	10	45	13	903	7	0				
*A Portela	21.7	30.2	38.1	16	14.1	8.9	9	31	17.8	19	-160	62	92	32	67	308	2428	6	36	2	-	6	0				
*A Trabe	19.6	26.1	32.9	16	13.4	10.0	7	46	30.0	19	-151	66	89	41	72	330	2644	13	53	5	929	5	0				
Alto do Rodicio	15.9	21.9	28.9	16	10.8	6.1	10	70	34.5	19	-60	82	100	56	-	-	-	15	68	28	907	8	0				
Amiudal	18.3	25.2	32.3	16	12.8	9.4	10	40	14.9	19	-134	73	93	48	68	312	2578	9	54	17	954	8	0				
As Petarelas	20.2	28.6	36.7	16	12.7	7.9	9	21	11.0	19	-	62	91	31	70	321	2687	-	-	-	-	7	0				
Baltar	17.5	25.9	33.1	15	8.9	3.9	9	19	7.0	19	-151	72	100	37	68	309	2487	9	51	30	926	10	0				
Cabeza de Manzaneda	12.5	16.1	23.1	16	8.9	2.1	7	46	22.5	19	-95	74	94	52	64	292	2472	17	65	5	828	8	0				
*Calvos	15.8	23.8	31.3	16	7.0	1.7	9	24	8.4	19	-133	78	99	48	-	-	-	8	43	19	-	10	0				
Casaio	16.6	21.8	29.2	16	11.9	7.1	10	20	9.6	19	--	65	87	41	-	-	-	6	63	17	-	6	0				
*Corzos	15.3	22.3	29.5	16	8.9	3.4	9	38	19.1	19	--	75	96	49	-	-	-	7	40	17	-	9	0				
Entrimo	18.4	25.1	31.2	30	12.4	7.0	9	46	12.9	19	-	73	94	49	67	308	2490	-	-	--	-	9	0				
*EVEGA Leiro	21.3	31.1	37.1	22	12.7	7.5	10	36	14.4	19	-	67	95	34	-	-	-	3	30	17	1004	7	0				
Gandarela	18.7	26.9	33.3	26	12.5	8.8	7	19	6.2	19	-144	75	98	45	64	291	2332	8	44	19	--	8	0				
Lardeira	14.3	19.1	26.4	16	10.2	4.1	7	33	16.7	19	-131	70	92	49	69	316	2547	16	86	17	842	6	0				
*Larouco	20.3	28.2	35.6	16	13.3	8.1	9	25	13.0	19	-	63	89	34	-	-	-	4	38	5	957	7	0				
Laza	19.7	27.7	36.1	16	12.4	7.8	10	60	28.8	19	-133	68	95	37	71	322	2676	8	46	19	-	7	0				
Monte Medo	18.5	25.8	31.6	16	12.0	7.5	11	29	11.0	19	-	70	95	40	59	271	2430	-	-	--	-	0	0				
*Montederramo	15.7	22.5	30.4	16	9.1	4.0	10	27	12.5	19	-	82	99	55	-	-	-	3	78	20	910	7	0				
O Invernadeiro	17.2	25.1	32.0	16	9.4	4.3	9	68	41.9	19	-100	69	92	43	70	321	2430	6	44	17	903	9	0				
*Oímbra	21.0	29.3	36.2	16	12.7	7.9	11	22	12.5	19	--	64	93	35	-	-	-	5	38	8	973	6	0				
Ourense	21.9	29.7	36.2	27	15.0	10.0	7	26	9.8	6	-	64	89	37	-	-	-	-	-	--	-	6	0				
Ourense-Estacións	21.9	29.6	35.8	27	15.2	10.6	7	23	11.3	6	-132	65	88	39	54	247	2403	6	39	17	1001	6	0				
*Pazo de Fontefiz	19.5	26.3	33.2	16	14.1	9.8	7	28	12.6	19	-144	67	86	43	61	278	2364	5	39	29	971	7	0				
*Ponte Boga	19.5	27.0	33.1	16	13.5	7.9	10	27	11.9	19	-137	65	85	39	57	262	2191	5	31	17	964	7	0				
*Prado	21.1	29.4	35.5	27	13.7	9.0	10	22	5.6	18	--	69	92	41	-	-	-	3	23	4	1002	8	0				
Remuíño	21.0	30.6	36.7	26	13.3	8.5	10	30	11.8	19	-	71	97	40	-	-	-	5	41	10	-	7	0				
*Ríos	18.7	26.4	32.9	16	11.8	7.7	10	37	18.9	19	-134	70	96	41	57	262	2443	3	29	5	-	7	0				
San Xoán de Río	16.0	22.3	29.9	16	10.7	5.9	7	33	13.1	6	-110	81	99	54	65	298	2330	13	50	28	903	14	0				
Serra do Eixe	15.7	21.5	29.1	16	10.7	6.2	10	45	16.3	19	-120	74	95	45	68	311	2551	14	82	17	881	11	0				
*Tioira	18.1	25.9	32.5	16	10.3	3.8	11	25	12.3	19	--	76	98	49	-	-	-	3	31	19	954	9	0				
Verín-Vilamaior	20.4	28.8	35.9	16	13.0	8.6	9	27	15.8	19	-161	66	93	36	71	323	2544	7	44	28	955	5	0				
Verín-Vilela	20.2	29.7	36.7	16	10.6	5.6	9	31	15.8	19	-154	70	98	36	71	324	2573	4	38	28	-	5	0				
Viana do Bolo	17.9	25.8	32.5	16	10.7	6.1	9	36	14.4	19	-131	74	99	45	69	315	2432	8	47	17	922	7	0				
Xares	13.3	17.6	24.2	16	9.4	3.1	7	45	20.2	19	-111	71	93	46	69	314	2531	17	65	17	828	8	0				
*Xinzo	18.7	27.3	33.8	27	10.7	4.9	11	23	8.6	19	-151	75	99	44	66	302	2523	6	35	16	-	7	0				
Xurés	16.5	22.1	28.1	26	11.3	5.7	7	22	7.6	19	-137	76	97	54	67	308	2479	9	54	6	900	11	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2014 Mes: 7

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva	Xeada
Pontevedra																											
*A Armenteira	18.6	23.9	29.6	30	13.6	9.7	7	107	39.2	19	-45	80	95	62	64	295	2315	5	42	10	-	-	-	9	0		
*A Granxa	20.7	27.4	32.8	30	13.6	9.6	7	40	13.4	18	-111	69	91	45	68	312	2108	3	53	6	1012	-	-	7	0		
A Lanzada	19.7	24.7	30.9	26	15.6	11.0	7	72	30.8	19	-90	77	92	59	70	322	2379	19	64	5	-	-	-	8	0		
*Areas	20.6	27.0	32.3	30	15.1	10.7	7	53	19.6	18	-	76	94	53	-	-	-	3	34	10	-	-	-	9	0		
*Areiro	20.0	25.1	30.8	30	15.3	11.6	7	57	20.7	18	--	74	90	57	-	-	-	4	33	29	1008	-	-	17	0		
*As Eiras	20.2	25.9	32.3	30	15.3	10.8	7	62	19.6	18	-109	75	93	54	66	300	2488	4	35	19	1011	-	-	9	0		
*Barrantes	19.9	25.3	31.0	30	14.5	9.8	7	65	28.5	19	--	77	94	59	--	--	--	4	37	9	-	-	-	9	0		
Caldas de Reis	18.9	25.0	31.6	27	14.1	11.3	7	89	39.1	19	--	77	96	54	64	293	2396	-	-	--	986	-	-	10	0		
*Camanzo	19.2	25.2	32.3	16	13.7	10.2	21	45	14.6	19	-109	77	96	55	59	272	2289	6	90	5	994	-	-	13	0		
*Castrelo	19.9	25.1	31.0	30	15.2	11.4	7	71	31.3	19	--	83	96	68	--	--	--	5	40	9	-	-	-	10	0		
Castro Vicaludo	18.0	21.4	26.4	27	14.3	10.9	7	54	13.4	6	-87	81	93	65	65	296	2279	14	72	18	962	-	-	11	0		
Castrove	18.4	22.8	28.6	30	14.5	11.2	7	99	29.5	19	-54	79	93	62	69	316	2412	18	84	10	967	-	-	9	0		
*Cequeliños	21.3	29.0	35.7	26	15.2	10.2	7	42	21.6	19	-142	72	95	42	66	301	2473	8	39	19	-	-	-	7	0		
Corón	19.5	23.3	27.5	30	16.5	13.5	7	75	26.6	19	-87	80	93	63	72	329	2600	22	66	29	1015	-	-	9	0		
*Entenza	21.2	28.2	33.7	30	15.0	9.9	7	47	12.2	18	-132	73	94	47	66	303	2522	2	33	6	-	-	-	9	0		
Fornelos de Montes	17.9	22.3	28.3	16	13.9	8.5	7	111	30.4	19	-39	76	91	58	66	304	2246	15	93	9	937	-	-	10	0		
Illas Cíes	19.0	22.6	31.9	30	16.0	14.2	7	45	24.2	18	-104	82	94	68	66	301	2501	12	61	18	-	-	-	11	0		
*Louredo	18.9	24.8	30.5	30	13.4	10.0	9	43	13.4	18	-	79	96	58	-	-	-	3	26	12	989	-	-	7	0		
Lourizán	20.5	26.6	32.6	26	15.8	11.9	7	83	26.2	18	-80	79	94	58	64	295	2394	5	39	19	1011	-	-	9	0		
*Meder	20.8	27.8	33.2	16	14.7	10.6	7	38	17.9	19	--	69	89	44	-	-	-	3	26	19	1000	-	-	11	0		
Monte Aloia	18.5	23.9	30.2	16	13.8	10.1	10	53	15.4	18	-100	78	94	57	65	298	2322	9	53	19	962	-	-	9	0		
Mouriscade	17.6	24.4	31.0	16	10.6	4.9	11	42	19.2	19	-116	79	93	59	65	299	2435	6	35	5	960	-	-	12	0		
O Viso	19.4	25.4	32.1	30	14.4	11.9	7	53	16.7	18	-112	76	92	57	69	314	2407	12	53	29	986	-	-	8	0		
Ons	18.3	22.1	27.3	26	15.3	13.7	17	70	29.0	18	-81	84	95	71	73	336	2670	22	68	9	1004	-	-	10	0		
*Pé Redondo	19.9	25.1	30.0	30	15.2	11.9	7	102	47.8	19	-60	79	94	61	61	278	2375	4	35	29	-	-	-	8	0		
Pereira	16.1	21.3	28.0	16	11.5	8.7	7	121	48.4	19	-	85	99	62	67	306	2514	-	-	--	937	-	-	13	0		
*Ponte Caldelas	18.8	23.8	29.8	30	13.9	8.6	7	68	17.8	18	--	74	89	56	-	-	-	7	58	10	976	-	-	17	0		
Queimadelos	20.0	26.9	33.7	30	14.8	10.5	7	63	17.6	19	-94	75	91	54	53	242	2202	4	49	9	975	-	-	9	0		
Rebordelo	18.5	24.2	30.5	30	12.5	7.6	18	93	21.1	18	-	78	95	58	68	310	2443	-	-	--	976	-	-	9	0		
Sanxenxo	20.0	24.8	31.8	26	15.8	13.0	7	89	29.8	19	-82	77	90	60	64	294	2510	6	40	6	1013	-	-	10	0		
Serra do Faro	15.5	20.7	28.7	16	11.1	6.1	7	42	15.9	19	-85	86	100	62	66	302	2300	20	71	9	906	-	-	10	0		
*Simes	20.1	25.8	31.6	30	14.4	11.1	21	71	27.3	19	-92	78	95	59	65	300	2383	3	36	29	-	-	-	9	0		
*Soutomaior	19.8	25.3	30.9	30	14.9	11.5	7	48	18.0	18	--	72	88	53	-	-	-	3	41	8	997	-	-	9	0		
*Torrequeintás	19.9	25.0	30.1	30	15.1	11.1	7	66	27.8	19	-95	70	85	53	62	283	2283	5	35	5	1009	-	-	14	0		
*Tremoedo	19.8	25.0	30.6	30	15.2	11.1	7	57	22.4	19	--	72	88	55	-	-	-	4	82	19	1010	-	-	8	0		
Vigo	20.5	25.3	30.8	30	16.1	12.4	7	44	15.1	18	-	81	96	59	-	-	-	-	-	--	-	-	-	8	0		
Vigo-Campus	18.7	22.7	27.8	30	15.0	11.3	7	41	14.6	6	-134	72	88	54	71	323	2587	9	51	19	964	-	-	9	0		
Xesteiras	15.6	20.1	27.4	16	12.0	8.6	9	159	50.7	5	-	83	96	64	-	-	-	30	89	10	-	-	-	18	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.